



## INFORMACIÓN FONDO SOLIDARIO LIBROS TEXTO 2020-2021

A normativa que regula este proceso de participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar esta no D.O.G. nº 96, do 19 de maio de 2020, na Orde do 12 de maio de 2020.

### 1.- PRAZOS

O prazo para solicitar estas axudas para o vindeiro curso 2020 - 2021 será do 20 de maio ao 19 de xuño.

### 2.- REQUISITOS

Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 10.000,00 € e ter devolto en bo estado os libros recibidos en préstamo para o curso 19 - 20, de ser o caso.

O importe do vale de adquisición de libros para 1º e 2º de EP é de 140 € para as rendas iguais ou inferiores a 10.000 € e de 210 € para as rendas iguais ou inferiores a 6.000 €. Neste último caso tamén terán dereito ás axudas para material escolar, por un valor de 50 €.

### 3.- DOCUMENTACIÓN


Á SOLICITUDE, MODELO OFICIAL ANEXO I, RECOLLERASE EN CONSERXERÍA. TAMÉN ESTA DISPOÑIBLE NA PÁXINA <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

ESTA SOLICITUDE SERÁ ÚNICA PARA TODOS OS FILLOS/AS ADMITIDOS NO MESMO CENTRO DOCENTE.

É necesario adxuntar o Anexo II e Fotocopia do Libro de Familia: No caso de non telo ou se a situación familiar a 31 de decembro de 2018 non coincida coa situación reflectida no Libro, hai que traer: Certificado ou Volante de Empadramento ou sentenza xudicial de separación/divorcio ou convenio regulador onde conste a custodia do alumnado ou Informe dos Servizos Sociais.

### 4.- MEMBROS COMPUTABLES DE UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos desta orde forman a unidade familiar: os pais non separados legalmente, os fillos/as menores de idade, os fillos/as maiores de idade con discapacidade, os fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar. No caso de separación legal non é computable o proxenitor/que non conviva co alumno/a. No caso de separación por convivencia con custodia compartida teranse en conta ambos proxenitores. Terá a consideración de membro computable a persoa que por convivencia en situación de unión de feito viva no domicilio familiar co proxenitor/a do alumnado (agás no caso de custodia compartida).



## 5.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Para comprobación de datos **consultarás automáticamente** os datos de DNI/NIE e Declaración da Renda ou Certificado Tributario de Imputacións do **exercicio 2018**.

Tamén se comprobarán automáticamente o Grao de Discapacidade ou Pensión de Incapacidade tanto da persoa solicitante como dos demais membros da unidade familiar.

**NO CASO DE OPOÑERSE A ESTA CONSULTA DEBERÁN PRESENTAR EN PAPEL A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA** (fotocopias e orixinais para o seu cotexo).

## 6.- PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE ADMITIDOS

A publicación das listaxes provisionais de solicitudes admitidas e non admitidas será o día 10 de xullo.

## 7.- RECLAMACIÓN CONTRA AS LISTAXES

As persoas interesadas poderán reclamar nos **DOUS DIAS** seguintes. O prazo remata o 14 de xullo.

## 8.- PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS

As listaxes definitivas de admitidos e non admitidos será o día 15 de xullo.

## 9.- ENTREGA DE VALES E DE LIBROS ÁS FAMILIAS

A entrega dos vales de adquisición de libros para 1º e 2º de Educación Primaria e de adquisición de material escolar, así como dos libros en préstamo será no mes de setembro.

Pontevedra, 20 de maio de 2020

A Directora

